



# BOP

XOVES, 14 DE XANEIRO DE 2021

N.º 010

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Forestal Hosintra, SLU solicita de Augas de Galicia a legalización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.72325

A legalización das obras solicitadas consisten na consolidación do terreo e peche da finca situada no predio con referencia catastral 27051P00300626; na zona de policía do rego dos Tacós; no lugar da Folgosa, na parroquia de San Xoan de Piñeira, no concello de Ribadeo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de  **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Ribadeo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de decembro de 2020.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R: 0024

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

##### *Anuncio*

Aprobada inicialmente Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, por Acordo do Pleno de data 29 de decembro de 2020, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, se somete a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poda ser examinada e presentarse as reclamacións que se estimen oportunas

Durante dito prazo poderá ser examinada por calquera interesado nas dependencias da Secretaría Xeral no Pazo Provincial para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Asimesmo o texto integro se atopa publicado na dirección web: <http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

No caso de que non presentaran reclamacións no citado prazo, se entenderá definitivamente aprobada a mencionada Ordenanza.

Lugo, 8 de xaneiro de 2021.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0042